

Realismo máximo

Embruxo e violencia en Tzatzaplán

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Volve ás mans dos lectores galegos *Homónima*, unha das primeiras novelas de Antón Riveiro Coello, que contribuíu a consolidalo como narrador eficiente, admirador e aprendiz do realismo máximo.

Na busca de alguén –de quen soubo por Internet– co que comparte nome e apelidos, e que reside en México, o protagonista viaxa a aldea imaxinada de Tzatzaplán, ancorada nas terras secas do deserto, coa intención de inscribir a vida do que supón seu avó nunha novela. Na xeografía azteca é obxecto de golpes e atentados ata que se decata de que todos os habitantes teñen que ver, dunha ou doutra maneira, co parente homónimo ao

que asasinaron. Comeza así unha historia que transita nun labirinto de parentescos onde é doado que o lector perda o fío condutor. E tamén seres estraños que semellan tirados da irracionalidade dos sonhos e que acercan o relato ás contornas do realismo máximo.



Homónima é unha novela que se nutre, como outras do autor, de planos superpostos, da recuperación das fazañas dos devanceiros e dos periplos dos seus parentes, os personaxes actuais. Desde o punto de vista estrutural a obra é unha novela que acubilla outra novela. A historia do homónimo pouco a pouco

vai sendo substituída pola do protagonista actual. Sallenta así mesmo o especial tratamento do tempo, de forma que pasado e presente se confunden e superpoñen. O estilo dunha prosa elaborada, cun traballo minucioso coa linguaxe que rebenta nunha ricaz adxectivación, en comparacións e metáforas insólitas, aínda que por veces artificiais, o dominio na caracterización dun amplo abano de personaxes, e sobre todo o retrato desa atmosfera abafante, ategada de embruxo e violencia fan que, ao lermos as páxinas de *Homónima*, nos semelle estar ollando as prosas dos autores que o escritor toma como padróns, mais non a maxia e a forza das súas tramas.

RIVEIRO COELLO, Antón, *Homónima*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 16 €